

## “RETRATOS DE ASAKUSA”

HIROH KIKAI

27 de novembro de 2014 a 20 de febreiro de 2015

Inauguración 27 de novembro ás 12 h

Comisariada por NORIKO FUKU

Xestión do proxecto LEONA SL

Coordinación en Sala-X IGNACIO BARCIA

Organización: Ministerio de Educación, Cultura e Deporte

Os “Retratos de Asakusa” é a primeira gran exposición individual do traballo de Hiroh Hikai que se realiza fóra de Xapón. Esta exposición presenta medio centenar de fotografías, moitas das cales están reproducidas no seu decimosegundo libro publicado: “Hiroh Kikai: Retratos de Asakusa” (Steidl, 2008). A mostra chega á Sala X do Campus de Pontevedra tras presentarse na Tabacalera en Madrid.

### HIROH KIKAI

Nacido en 1945, é o mais novo dos oito fillos duns granxeiros de Yamagata, Xapón, aos 18 anos traballou para o goberno local como axudante. Logo de estudar filosofía na Universidade de Hosei (Tokio) traballou como mariñeiro na pesca do atún, camioneiro ou obreiro de fábrica, entre outras moitas cousas. Logo do seu encontro co traballo do fotógrafo Diane Arbus no ano 1969 decide dedicarse el mesmo á fotografía.

### SERIE “RETRATOS DE ASAKUSA”

En 1973, con vinte e oito anos, comeza a fotografar á xente do sector de Asakusa en Tokio. Este proxecto continúa aínda e xa supón máis de 600 retratos de personaxes deste barrio, as obras que se presentan nesta exposición son unha mostra significativa. Emprazamento histórico do barrio de esparcemento, Asakusa acolle hoxe unha cultura popular moi independente, entre comedia tradicional e locais de entretemento erótico. Un barrio que atrae a marxinais da sociedade consumista xaponesa, Asakusa é tamén o emprazamento do famoso templo Senso-ji, que convoca mareas de turistas desde todo Xapón.

Os retratos de Kikai, arrincados da corrente de transeúntes e realizados de xeito sistemático contra as paredes espidas do templo de Senso-ji, reflicten a personalidade do barrio coa suma das súas xentes. Son duros, intensos, sen

consolo, realizados cunha mirada moi respetuosa que deixa expresarse ao retratado. Irradian unha sensación compartida de gañadores duros, de individualidades poderosas que, vistas en conxunto, falan dun barrio con forte personalidade, diverso e vital.

**HIROH KIKAI**

Yamagata, Xapón, 1945.  
Vive en Tokio.

**SELECCIÓN DE EXPOSICIONES INDIVIDUALES**

2009 Jinsei Gekijo (Life Theater), Gallery RAKU - Kyoto University of Art and Design, Kyoto.  
2008 Tokyo Labyrinth, Yancey Richardson Gallery, New York.  
2007 Labyrinthos, Aoyama Book Center, Tokyo; Nikon Salon, Tokyo, Osaka, and Kyoto.  
2005 Persona, Shomeido Gallery, Tokyo; Centrum Kultury Zamek, Galeria Fotografii PF, Poznan, Poland.  
2004 Persona, Ken Domon Museum of Photography, Yamagata, Japan.  
2002 Persona (2), Manggha Centre of Japanese Art and Technology, Krakow, Poland.  
1999 Persona (1), Manggha Centre of Japanese Art and Technology, Krakow, Poland.  
1998 India Travelogue, Shomeido Gallery, Tokyo.  
1990 Machi no Katachi (The Form of City), Nikon Salon, Tokyo, Osaka, and Kyoto.  
1989 Ecce Homo, Nikon Salon, Tokyo, Osaka, and Kyoto; The Hitachi Collection of Contemporary Japanese Photography, Center for Creative Photography, Tucson, Arizona.  
1988 Ecce Homo, Nikon Salon, Tokyo, Osaka, and Kyoto. 1983 India Travelogue, Konica Photo Gallery, Tokyo.

**SELECCIÓN DE EXPOSICIONES COLECTIVAS**

2008 Sander's Children, Danziger Projects, New York.  
Heavy Light, International Center of Photography, New York.  
2007 Tokyo Labyrinth (Hiroh Kikai) / Andes Qero (Yoshiharu Sekino), Shomeido Gallery, Tokyo.  
2006 Berlin-Tokyo, Neue Nationalgalerie, Berlin.  
1997 Shashin wa nani wo katareruka (What Can Photography Tell?), Tokyo Metropolitan Museum of Photography.  
1995 Shashin toshi TOKYO (Tokyo, City of Photos), Tokyo Metropolitan Museum of Photography.  
1990 New Documents 1990, Museum of Modern Art, Toyama, Japan.  
1988 Contemporary Photography from Japan, University of Arizona.

**SELECCIÓN DE PREMIOS**

2004 The 23rd Domon Ken Award, Mainichi Newspapers, Japan Annual Award, Photographic Society of Japan.  
2002 Grand Prize, 2nd Photo City Sagamihara Festival, Japan.  
1993 5th Award, Shashin-no-kai, Society of Photography, Japan.  
1988 Newcomer's Award, Photographic Society of Japan, Japan Professional Photographers Society.  
1973 Japan Advertising Photographers' Association.

**COLECCIONES**

The University of Arizona.  
Domon Ken Museum.  
Tokyo Metropolitan Museum of Photography.  
Hood Museum of Art.  
The Museum of Fine Art, Huston.  
The Museum of International Center of Photography. AT&T Art Collection.

IMAXES EN ARQUIVOS ADXUNTOS:

HIROH KIKAI-1.jpg  
A dama sorinte, 1986

HIROH KIKAI-2.jpg  
Home novo que andou ata aquí desde moi lonxe, 1999

HIROH KIKAI-3.jpg  
Instrutor de danza xaponesa, 1986

HIROH KIKAI-4.jpg  
Home máis vello de mirada penetrante, 2001

HIROH KIKAI-5.jpg  
O esteticista do body-building, 2001